

ORQUESTRA DE MALABARES



UN ESPECTÁCULO DA COMPAÑÍA PISTACATRO

PISTACATRO

presenta o seu novo espectáculo



ORQUESTRA DE MALABARES

Un dos proxectos máis orixinais e suxerentes no eido escénico en Galicia. Aunando os dous mundos nun mesmo escenario coma son o Circo e a Música da man de seis malabaristas e unha treintena de músicos que conforman a Banda Municipal de Música da Coruña.

Tradición e innovación unidos nun mesmo proxecto único e pioneiro en todo o Estado.

SINOPSE

Á semellanza do fume, o circo, na súa evolución xeométrica cara o futuro, penetra por todas as portas, ventás e fendas do panorama escénico.

Neste caso ocupa os espazos baleiros entres os atrás e as cadeiras dos músicos dunha banda municipal.

ORQUESTRA DE MALABARES

é un espectáculo que pon en escena a seis malabaristas e unha banda municipal. Unha relación entre música e circo.

Un concerto onde os malabares son os bailaríns deste ballet aéreo.

Clarinetes, saxos e trompetas son os pintores dun cadro expresionista no que as bolas, mazas e aros debuxan no ar os sentimentos e emocións que transmiten a música e o circo.

A banda municipal e os seus músicos, fora da súa zona de confort, participan, case como actores, dun espectáculo teatral tocando temas e estilos fora do común.

En definitiva, este é un espectáculo de instrumentos dourados, grandes tambores, pratillos, camisas brancas, uniformes e maxistráis obras clásicas; pero tamén de pantalóns curtos, camiseta, gafas de sol, funk, blues, pop e punk.



Intérpretes: **ARTURO COBAS, DULCE DUCA, DANI FAUSTO, AITOR GARUZ, GUILLERMO PORTA, SANTIAGO MONTERO XAMPI**

Cover: **PABLO REBOLEIRO**

Dirección Artística: **MANUEL PAINO**

Dirección Musical: **PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.**

Idea Orixinal: **BELÉM BRANDIDO, JOSÉ EXPÓSITO**

Produción: **DIEGO ANIDO**

Axudante de Dirección: **DANI FAUSTO**

Coreografías Malabares: **UXIA VAELLO**

Deseño de Vestiario: **MARCOS CARBALLIDO**

Apoio Dramaturxia: **MARÍA VILLAS CON MARAVILLAS ATELIER**

Sastra: **JUAN GALLEGRO**

Deseño Imaxe: **RUBÉN VILANOVA**

Fotografía: **TAMBOURA FILMS**

Vídeo: **PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.**

Comunicación: **PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.**

Distribución: **PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.**

Agradecementos: **Concello de Santiago, Concello da Coruña, Banda Municipal de Música da Coruña, Juanjo Ocón, Concello de Negreira, Circonove, Marta Alonso, Guillermo Botello, Voluntarios ensaios (Juancho Gianzo, Eva Manteiga, Marga Albores, Sam malabarista, Mónica Suárez, Ozo Perozo, Elvira Rubianes, Belén Rial), Iago Bernárdez Couto e familia, Familia Boquete Mera e Lola Garuz Brandido pola colaboración para as sesións de fotos. Agradecidos tamén a todo o público que nos ven apoiando a nós e ó circo dende os nosos comezos.**



SOBRE O PROXECTO

A proposta está ideada para representarse ó ar libre nas diferentes prazas e barrios, facendo accesible estes dous universos a toda a veciñanza, así como aos visitantes que se acheguen a estes lugares, e tamén en teatros e auditorios.

Nestes momentos de acritude, no que parece que as artes escénicas son relegadas a un segundo plano, cada vez é máis importante recuperar o interese en reavivar a cultura e conseguir que esta sexa transmitida ao público dun xeito ameno, lúdico e sincero, co fin de que a sociedade non esqueza a súa importancia. Isto é aínda máis importante cando falamos das artes vivas, xa que ao non transmitirse nun soporte físico que se poida copiar, perdurando así no tempo, é moito máis doado que se perdan. Aquí reside un dos eixos claves en canto á relevancia artística deste proxecto.

Este espectáculo quere demostrar que os diferentes tipos de expresión non están illados entre eles e que poden chegar a complementarse, dando como resultado novas formas de expresión. Isto permite explorar artisticamente dúas disciplinas en conxunto.

TARGET E DIFERENZAMENTO DO PRODUTO

Este espectáculo está ideado para poder ser disfrutado por público de tódalas idades. Ten especial valor familiar e educativo debido ó contido pedagóxico que alberga. A particularidade deste produto radica na intención de ir máis aló á hora de combinar a música cos malabares, traspasando a noción da música coma comitiva dos malabares, para tentar chegar a un punto concreto no que a música semelle mesturarse cos malabares nunha forma nova, conseguindo con isto un produto que trascende do circo e a música en si mesmos.



FICHA DE DEFINICIÓN

Tipo de produto:	Espectáculo de Circo e Música en directo.
Xénero:	Novo Circo e Musical, Orquesta de Malabares.
Duración:	75 minutos.
Formato:	Música, malabares, clown.



A música e os malabares non están tan illados entre eles como pensamos, pois ambos dependen directamente do tempo. Un grupo de seis malabaristas da compañía de circo galega PISTACATRO, xunto coa Banda Municipal de Música, convidados a pesquisar, a traves da mestura dos malabares, coa música, os puntos que estas dúas artes teñen en común.

VALOR COMUNICATIVO



O feito de combinar unha banda de música cun espectáculo de malabares confire unha forza especial ao produto, xa que non existe un mercado que traballe este tipo de eventos dun xeito máis habitual.

Potenciar artisticamente a Banda Municipal de Música e traballar en conxunto con músicos que a integran é algo que PISTACATRO quere traballar para que se creen sinerxias de colaboración entre diferentes entidades culturais da cidade e facer do proxecto artístico un valor de produción que potencie unha entidade cultural da envergadura da Banda Municipal de Música, con unha compañía que este ano, 2018, cumpríu os doce anos de vida e que é pioneira en Galicia en traballar o circo e en estar integrada por artistas profesionais das artes circenses.

O obxectivo do proxecto é poder traspolar este espectáculo ós diferentes barrios da cidade e ós diferentes centros socioculturais onde teñan cabida, e que poida ser vista por todas e todos os galegos e tamén polo turismo que se achega á nosa comunidade de todas as partes do mundo.

A **ORQUESTRA DE MALABARES** é máis que unha secuencia de pezas musicais e unha repetición de exercicios malabarísticos con maior ou menor dificultade; é pura poesía en movemento, dando visibilidade dun xeito único á linguaxe musical. Unha experiencia única de traballo en conxunto que, ata o momento, non ten moitas réplicas no mundo, e na que se manexan linguaxes universais.

DIRECCIÓN ARTÍSTICA

PABLO REBOLEIRO Malabarista e artista de Pistacatro. Cofundador, actor e director dalgúns dos proxectos da compañía PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L., pioneira en Galicia en crear, producir e distribuir espectáculos de novo circo e cabaré. Pablo Reboleiro é un artista contemporáneo multidisciplinar, formado na Circus Space de Londres na especialidade de malabares, en teatro na Escola de Espazo Aberto, e tamén con formación en danza. Xira por todo o mundo cos seus espectáculos, nos que mestura o circo, a danza e o teatro, sempre dende a base cómica e humana do pallaso. Este artista todoterreo afronta este novo proxecto como un universo único a explorar entre dous mundos nos que leva tempo traballando, como son o circo e a música; e con especial atención a que todo vaia da man dun dos máis grandes malabaristas contemporáneos que hai en Europa.



DIRECCIÓN MUSICAL

MANUEL OTERO PAINO estuda trompeta na Escola de Música da Bandeira, da man de Luís González. Realiza os seus estudos superiores no Conservatorio Superior de Música de Vigo e perfeccionaos con Xosé Ramos, Benjamín Moreno, Javier Simó, Hakan Hardenberger e Bö Nilsson. Realiza estudos de interpretación orquestral, becado na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, da man do solista da Real Filharmonía Javier Simó e Ramón Llatser. Colaborador coa Banda Municipal de Santiago, Banda Municipal da Coruña, Banda Municipal de Pontevedra, Banda Filharmónica de Galicia, a Orquestra de Amigos da Ópera de Vigo e Orquestra Clásica de Granada. No eido do jazz estuda con Suso Atanes, Paco Charlín, Abe Rábade, Pablo Castaño e Chris Kase, colaborando con multitude de formacións. Forma parte dun gran número de formacións comprometidas coa lingua e a cultura galegas. Como compositor e arranxista traballa con produtoras do audiovisual, proxectos interdisciplinares coa danza, circo, teatro ou cine, e composicións para banda ou orquestra sinfónica e música de cámara. Actualmente realiza estudos superiores de composición no Conservatorio Superior da Coruña e de dirección con Marcel Van Bre; e é docente na Escola de Música da Bandeira, no Conservatorio Profesional da Coruña, e director e profesor na Escola de Música de Ordes, onde dirixe a banda de música.

INTÉRPRETES

ARTURO COBAS Actor, malabarista e artista de circo especializado en clown e mimo, licenciado no National Centre of Circus Arts (BA Hons en Circus Arts) e na escola de mimo Theatre De L'Ange Fou International School Of Corporeal Mime en Londres entre 2005-2009. A súa traxectoria profesional desenvolveuse contorna á súa propia compañía NONO, a cal xirou por países como Italia, Portugal, Inglaterra, Francia e o territorio galego e español durante os últimos anos. Traballou en varias compañías de ámbito nacional. Actualmente forma parte de Les Artuans e colabora con PISTACATRO e co Projecto C-F Dance. Tamén é parte activa da compañía de improvisación teatral The Momento Impro e traballa como docente para varios proxectos institucionais como Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada (Pontevedra). Dirixiu compañías como Traspediente e como axudante de dirección en Fair Play, e continúa coa creación e difusión de variedades de circo na Comunidade de Galicia.



DULCE DUCA Artista circense portuguesa de nacemento pero residente dende hai moitos anos en Cataluña, iníciase no mundo do malabar de xeito autodidacta no ano 2003. De 2006 a 2008 recibe a Formación Alternativa e Autoxestionada das Artes do Circo e é unha das fundadoras da compañía BranleBas. A partir de aí comeza o seu devenir no circo, creando proxectos internacionais e traballando para diferentes compañías. A partir de 2009 comeza a súa relación coa malabarista Iris, explorando novas linguaxes centradas no uso do obxecto, a mente, o corpo e as emocións. Actualmente ten en escena o seu espectáculo *Un Belo Día*, considerado pola crítica nacional e francesa como un dos espectáculos de circo máis surrealistas e emocionantes do panorama actual.



DANI FAUSTO é artista escénico profesional dende 1998 e profesor de malabares dende 2003. Dirixe e produce espectáculos dende a súa propia compañía Proyecto Sánchez, e colabora con outras moitas como malabarista, coreógrafo e director artístico. Recibiu varios premios nacionais, así como recoñecemento de público e crítica. A súa experiencia docente exténdese a nivel internacional. Varias escolas de circo e un sinfín de convencións e asociacións de profesionais e afeccionados ó malabarismo acolleron os seus cursos intensivos, seminarios e *master classes*. Experto no uso creativo do sistema de notación Siteswap e a transformación de Préchac, os seus principais intereses son a composición de novos patróns de malabares en parella e grupo e a creación de números escénicos para outros artistas, nos que a manipulación de obxectos teña un papel protagonista. Foi director, *coach* e coreógrafo da *troupe* Combo Surimi; dirección artística do espectáculo *IPPON*, estreado no Circo Price de Madrid en 2017; malabarista na Compañía Jérôme Thomas para o espectáculo *HIP127, La Constellation des Cigognes*; cofundador da compañía JoDa Juggling; creación do número da gala *La Mambo Star*, no 2012; malabarista coa compañía Gandini Juggling, varios espectáculos, representacións a nivel internacional; e cofundador da compañía Malabreikers, que ten no seu haber varios premios e centos de actuacións nacionais e internacionais.

SANTIAGO MONTERO Tomando como punto de partida a Asociación de Artistas de Circo de Vigo Malandraxe, Santiago Montero vai ampliando a súa formación con artistas da talla de Ville Valo, Vasco Gomes, Mister Bcketa, Stefan Sing e Pau Portabella, adquirindo un enfoque moi personal na manipulación de obxectos. Creador da compañía de Circo Escarranchado. Compoñente da XabaXira da TVG, participa na creación do espectáculo de PISTACATRO *O pequeno Circo dos milagres* e tamén é fundador e artista da compañía de circo Cair.



AITOR GARUZ Formado na Circus Space de Londres e na Escola de Circo Carampa (Madrid), Aitor é un artista de circo, actor, músico e con formación de danza. Recén licenciado en Inglaterra entrou a formar parte da compañía galesa Nofit State, como actor-músico-malabarista no espectáculo *Inmortal*, que xirou por toda Europa e que recibiu varios premios en diferentes festivais de Europa, entre eles, o de Tárrega. Dende a súa aterraxe en Galicia, xa hai 12 anos, entra a formar parte da compañía PISTACATRO, primeiro como artista e logo xa como socio, participando en case tódalas montaxes da productora como *RingoRango, Purgatorio, Impreuna, Artrix* ou *Desperta!, Outono*, así coma doutras compañías coma Rocés y Goces, Teatro do Morcego e algunha *Ultranoite* do grupo Chévere. Forma parte dende hai 5 anos do grupo de Teatro de Improvisación de Santiago, na compañía The Momento Impro, onde se traballa un dos xéneros máis reveladores e revolucionarios na escena contemporánea de España e de Latinoamérica.

GUILLERMO PORTA comeza os seus estudos de circo na Escola de Circo Carampa, en Madrid, no ano 2002. Dous anos despois entra na Escola Nacional de Circo de Londres, onde se especializa en malabares de grupo e acrobacia de dúo no 2007. Dende entón traballou nalgúns ocasións con compañías como Gandini Juggling (Reino Unido), Cirq'ulation Locale (Bélxica), Proyecto Sánchez (Madrid) ou nalgún cabaret ou animación da compañía PISTACATRO. Ademais produce o seu propio espectáculo e xera o dúo malabarístico Pelotinautas, xunto a Manu Lago.

RAIDER TÉCNICO

Poñerse en contacto co departamento de produción e distribución da compañía.

ORQUESTRA DE MALABARES



PISTACATRO é a compañía e productora de circo máis relevante das artes vivas en Galicia. Distribue as súas producións propias ou algunhas outras que nacen da matriz creativa do proxecto Circonove, así como aquelas que consideramos importantes baixo criterios de calidade e interese cultural.

Tras dez anos dende a súa constitución, PISTACATRO pretende continuar asentándose como a productora decana das novas correntes circenses en Galicia, abrindo novos mercados e públicos. Un facilitador de profesionalización do circo na nosa terra baixo criterios de calidade e interese cultural.

é un proxecto de

PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.

en colaboración coas Bandas Municipais de cada vila
ou cidade de Galicia
e cos seus respectivos concellos.

UN PROXECTO SINGULAR E ÚNICO QUE AÚNA O MUNDO DO CIRCO E A MÚSICA.

CONTACTO:
Belém Brandido
distribucion@pistacatro.com
www.pistacatro.com
Tel.: 627 778 351 / 981 937 819

